

EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 12 de maio de 2010, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para a CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DAS ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL LEVADAS A CABO POLA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE.

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: a prestación de actividades de animación sociocultural levadas a cabo pola concellería de xuventude así como a subministración de material funxible preciso para o desenvolvemento destas actividades.

b) Prazo de execución: un ANO, podendo ser obxecto de prórroga por acordo expreso do órgano de contratación que será obrigatorio para o contratista, por outro período máximo anual, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas poida exceder de DOUS ANOS.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria

b) Procedimiento: aberto

4.- Tipo de licitación

a) Orzamento máximo do Contrato: o custo máximo anual ascende a 81.655,68 euros durante a primeira anualidade e ó que deberá engadirse o gasto de material funxible que debe subministrar a empresa (2.300 euros anuais) polo que sumado o IVE (7%) - 5.876,90 euros - o presuposto máximo do contrato ascende á cantidade de **89.832,58 euros, IVE incluído**, durante a

primeira anualidade.

O valor estimado total do contrato, tendo en conta as posibles prórrogas é de 167.911,36 euros.

5.- Garantías: 2.518,67 euros.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Teléfonos: (982) 29-73-01, 29-71-45.

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: www.lugo.es (Zona de servicios: perfil do contratante)

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) Outros requisitos: Os sinalados no prego de condicións

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 15 días naturais contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares legalmente establecidos.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) Localidade: Lugo

d) Data: ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cml

Refª: 10ACTIVIDADES XUVENTUDE licitacion.doc

Asunto: anuncio licitación

ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 138,32 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

Lugo, 3 de xuño de 2010

O ALCALDE,

P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA

(Decreto Alcaldía nº 75/2007)

Asdo.: Sonia Mendez Garcia